

## **BNG DEFENDE BAIXAR A 10% O IVE DOS SALÓNS DE PEITEADO, ESTÉTICA E BARBERÍAS**




O sector paga neste momento as consecuencias dunha decisión inxusta. No 2012, en plena crise económica, o Goberno do PP aprobou unha suba do IVE para algunhas actividades de 8 a 21%, de modo que os salóns de peiteado e estética tiveron que facer fronte a un incremento de 13 puntos dun día para outro.

Debido precisamente á baixada do consumo naquel momento de inestabilidade económica o sector decidiu manter os prezos estábeis, isto é, non trasladaron a suba á clientela, pois tal e como prometera daquela o Goberno de Rajoy, a suba do IVE neste sector ía ser temporal. Outras actividades viron cumprido o compromiso e xa teñen de novo o IVE en 10%, mais os salóns de peiteado, barberías e estéticas continúan a padecer o tipo máis alto do imposto.

Máis de oito anos despois o sector, ao igual que toda a sociedade, está a vivir outra profunda crise económica derivada da COVID19. As restricións horarias, as limitacións á mobilidade, a redución dos aforos, e a minguada capacidade adquisitiva de usuarios e usuarias, fan que manter as portas abertas sexa un desafío todos os días.

A pesar de que durante o máis duro do confinamento, en pleno Estado de alarma, as perrucarías foron consideradas unha...





## **BNG DEFENDE BAIXAR A 10% O IVE DOS SALÓNS DE PEITEADO, ESTÉTICA E BARBERÍAS**

actividade esencial e seguiron abertas dando un servizo público, non encontraron nos Gobernos a axuda que necesitaban, e viron denegada a única medida que reclamaban de forma urxente para poder seguir abrindo todos os días: a baixada do IVE a 10%.

Efectivamente, as perruqueiras e perruqueiros cumpren unha importante función social, pois, ademais da estética, encárganse de atender as necesidades de moitas persoas dependentes ou de avanzada idade para as que o lavado de cabelo e peiteado non é vaidade, é hixiene

É de xustiza porque, para alén do máis, non repercutiría negativamente na recadación na medida en que esta baixada do IVE serviría de axuda directa e permitiría manter abertos moitos negocios que, doutro modo, van verse na obriga de fechar -como xa pasara na anterior crise- ou pasar á economía somerxida no servizo a domicilio e que, por tanto, deixarían de pagar impostos, mentres que a baixada permitirá que sigan contribuíndo á Facenda pública.

O BNG, despois de varias reunións con representantes do sector, decidiu levar a demanda de baixar o tipo impositivo dos salóns de peiteado, barbería e estética do 21% actual a 10% ao Congreso dos Deputados. Fixémolo primeiro cunha emenda nos Orzamentos do Estado, que foi rexeitada polo voto negativo dos dous partidos do Goberno, PSOE e Podemos. Agora de novo a través unha iniciativa para que esta mudanza sexa debatida e se inste o Goberno a **baixar o IVE a 10%**.